

## Acta da Sesión Extraordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade, de 9 de maio de 2022

### LISTA DE ASISTENTES

Javier Abuín Penas, Vicente Badenes Plá, Oswaldo García Crespo, Silvia García Mirón, Beatriz Legerén Lago, Jorge Lens Leiva, Carmen Maiz Bar, Julinda Molares Cardoso, Diana Ramahi García, José Octavio Rodríguez Nieto, Emma Torres Romay e Jose Rúas Araújo.

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Ana Maria Amorós Pons, Xosé Manuel Bahamonde Silva, Juan Manuel Corbacho Valencia, Alberto Dafonte Gómez, Carmen López de Aguilera Clemente, Xabier Martínez Rolán, María Isabel Míguez González, Alberto Pena Rodríguez, Román Pereiro Rodríguez-Lepina, Paulino Pérez Feijoo, Montserrat Vázquez Gestal e Ana María Iglesias Alvarez.

Acta da sesión Extraordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo que tivo lugar o luns 9 de maio de 2022, ás 15:30 horas en primeira convocatoria e as 16:00 horas en segunda convocatoria no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

### ORDE DO DÍA

Punto único: Modificación do Plan de Estudos do Grao en Publicidade e Relacións Públicas e elaboración das fichas de materia para a memoria.

O Director toma a palabra e comunica que o Consello se convocou de forma extraordinaria, xa que o escrito da Decana que acompaña á convocatoria do Consello, no que solicita a aprobación do plan e a colaboración dos membros departamento para facer as fichas do mesmo, chegou o venres 6 de maio e a única opción foi facer unha convocatoria extraordinaria para encaixar as datas de aprobación da memoria de modificación do Grao de Publicidade e Relacións Públicas antes da Xunta de Facultade do día 10 de maio.

A maiores, o director comunica o malestar de varios membros do departamento polo procedemento levado a cabo, xa que un tema de este calado debe facerse de forma máis reflexiva e con máis tempo, debaténdoo co conxunto do profesorado con docencia no Grao.

Así mesmo, indica que dúas docentes (a Profesora Ana Amorós Pons e a Profesora Mónica Valderrama Santomé) remitiron sendos escritos que solicitan se incorporen a Acta deste

Consello e se fagan chegar á Comisión de Modificación do Grao, , amosando a súa desconformidade polo procedemento de discusión do novo plan de estudos.

Posteriormente o director procede a ler as materias do novo plan e a solicitar a colaboración dos presentes na redacción das fichas das mesmas, que deben ser enviadas á presidenta da Comisión de modificación do Grao.

Sen nada mais que tratar, Péchase a sesión as 16:45.

Pontevedra 9 de maio de 2022

O director do deptº



Secretaria do dptº

**A/A Consello de Departamento (Reunión Extraordinaria, lunes 9 de mayo de 2022: 16.00h)**  
**De: Ana M<sup>a</sup> Amorós Pons (Profesora Titular de Universidad)**

**ASUNTO: Reunión Extraordinaria (Lunes 9 de mayo de 2022, 16.00h, Salón de Grados, Facultad de CC.SS. y de la Comunicación)**

**Orden del día (punto único): Modificación do Plan de Estudos do Grao en Publicidade e Relación Públicas e elaboración das fichas de materia para a memoria**

Buenas tardes,

Por motivo de ausencia a la reunión con licencia por asunto familiar, me dirijo al Consello de Departamento a través de la figura del Director.

En mi condición de Profesora Titular, a Tiempo Completo, con un perfil académico en cinematografía y con carga docente durante varias décadas (desde 1996) en la Titulación de Publicidad y Relaciones Públicas y en, concreto, en el último Plan de Estudios en la materia "CINE Y PUBLICIDAD" (Op. 4<sup>a</sup> curso),

**EXPONGO LO SIGUIENTE:**

- Por primera y única vez tuve conocimiento de la nueva propuesta del Plan de Estudios de Publicidad y RR.PP. este jueves pasado (5 de mayo, 10.45h) que me envió por WhatsApp la decana (Presidenta de la Comisión Académica del Grao que elabora la Memoria de Verificación del título), sin posibilidad ni periodo de alegaciones.
- Durante el proceso de elaboración no se me comunicó en ningún momento, por parte del profesorado del departamento miembro de la Comisión, la retirada de la materia "Cine y Publicidad" en el nuevo Plan de Estudios.
- La materia cumple sobradamente criterios académicos para continuar en Plan de estudios. Según las encuestas de evaluación del alumnado, mi valoración como docente está en torno al 4.5 de 5; y, en cuanto a la pregunta al alumnado sobre "Esta materia es importante para su formación", la valoración supera el 4.3 de 5. Es una materia propia del perfil de la titulación que se oferta.

**SOLICITO** al Departamento que alegue:

- a) La incorporación de la materia en el nuevo Plan de Estudios, en lugar de la materia "Laboratorio Audiovisual" (más propia de una titulación de Comunicación Audiovisual) e incluso bajo el enunciado "CINE PUBLICITARIO" o "CINE Y PUBLICIDAD" (por ser más propia del perfil de la Titulación de Publicidad).
- b) Tengan en cuenta que mi carga docente como funcionaria es a tiempo completo y con un perfil académico concreto. De aprobarse esta propuesta de nuevo Plan de Estudios y no disponer de encargo docente en ese perfil implicaría ampliar mi encargo docente en POD en las materias propias del perfil en la titulación de Comunicación Audiovisual. Esta situación puede producir un "efecto dominó" a muy corto plazo.

**RUEGO** que el departamento tenga en consideración esta situación y que se alegue en la instancia que corresponda la incorporación de la materia CINE Y PUBLICIDAD o CINE PUBLICITARIO en lugar de la asignatura "Laboratorio audiovisual".

Dada mi ausencia con licencia por motivo familiar, solicito la incorporación de este escrito al ACTA del Consello de Departamento de hoy.

**AMOROS PONS**  
**ANA MARIA -**  
**73763893H**

Firmado digitalmente  
por AMOROS PONS  
ANA MARIA -  
73763893H  
Fecha: 2022.05.09  
14:15:02 +02'00'




Remito escrito solicitando a súa incorporación en acta da reunión celebrada hoxe no Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade. Tamén a súa remisión á Comisión Académica de Grao para reforma de plan de Estudos de Publicidade e RR.PP.

Dada a urxencia para chegar a tempo a esta reunión que se está producindo envío estas liñas para expresar a o meu parecer e amoso a miña disposición para entrar por campus remoto (hai sempre salas e despachos dispoñibles) para intervir. Sintetizo por puntos:

- O pasado xoves ás 21.10 chégame un whatsapp de Emma Torres dicindo que hai un novo plan de estudos para que bote unha ollada e que logo me chamaría porque nese momento non lle é posible. A chamada non se produce.
- Hoxe luns 9 de maio, hai uns minutos recibo unha chamada para lembrarme que hai reunión porque non estou no centro e ao revisar o correo (porque non me consta a convocatoria e o venres tiña unha axenda intensa) constato que só me entrou un reenvío na bandexa de entrada ás 13.33. É dicir, tal e como comentei ao director recibino este mediodía e por tanto éme imposible asistir presencialmente.
- Indícanme que MAÑÁ teñen que estar unhas FICHAS. E o certo é que un plan de estudos necesita un tempo, consenso e consultas que non se deron. Xamais me contactaron até o xoves mencionado nin souben ABSOLUTAMENTE NADA en torno ao tema porque entendo que había unha COMISIÓN aprobada en Xunta de Facultade que faría o seu traballo. O que non se pode pretender é que en cuestión de horas abórdese a elaboración de materias que teñen unha nova denominación e que hai que PENSAR e iso non se fai nunha tarde. Que tipo de seriedade ou rigor tería o docente ao que se lle pide iso?, ningún, é unha auténtica chapuza. Por exemplo, até as denominacións que algún caso poderían mellorar e para o que non houbo tempo de facer achegas. Ou é que, era o fin de semana cando tiña que pór unha mensaxe?
- Por tanto, sobre o que me acaban de comunicar sobre se se pode ou debe facer unha ficha de hoxe para mañá a resposta é que NON.

Por último, non comprendo que isto estea a suceder e que o que se presente estea formalmente ben elaborado. Debe darse o tempo para facer un traballo cuns prazos mínimos. Como docente, investigadora e con responsabilidades de xestión isto é un auténtico despropósito e quero que conste a miña desconformidade.

Un saúdo e vémonos pronto.

  
Mónica Valderrama Santomé  
09/05/2022

VALDERRAMA  
A SANTOME  
MONICA -  
36145040B

Firmado  
digitalmente por  
VALDERRAMA  
SANTOME MONICA  
- 36145040B  
Fecha: 2022.05.09  
16:54:06 +02'00'